



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142

[//www.concellodezas.org//](http://www.concellodezas.org//)

Exp. 2025/E001/000005

DECRETO

ASUNTO: DECRETO DE CONTRATACIÓN DUN ADMINISTRATIVO DENTRO DO PROGRAMA DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA DE GARANTÍA XUVENIL

EXPEDIENTE: 2025/E001/000005

ANTECEDENTES:

Vista a ORDE do 13 de agosto de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento TR350E). Dog n.º 160 de 22/08/2025).

Vista a subvención concedida ao Concello de Zas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración por Resolución de data 29/10/2025 notificada a este Concello na que se lle concede ao Concello de Zas unha subvención de 16.380,09 € euros para a financiación do gasto de persoal e mais a seguridade social derivada da **contratación de 1 administrativo/a por un período de 9 meses** destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, inscrito dentro do grupo de cotización 5.

Vista o informe da Secretaría municipal de data 11/11/2025

Vista a Resolución de Alcaldía núm.388/2025 de 11/11/2025, pola que e aprobaron as bases reguladoras da convocatoria de selección de un administrativo inscrito SNGX.

Publicado o anuncio da convocatoria no taboleiro da sede electrónica do Concello de Zas, <https://sede.concellodezas.org> o día 18/11/2025.

Visto o listado de candidatos enviados para a selección polo Servizo Público de Emprego, e que presentaron a documentación para participar no proceso selectivo.

Vista a acta n.º 2 de data 05/12/2025 do tribunal cualificador onde se propón á seguinte persoa para a súa contratación: ANDRADE FORMOSO UXÍA MIN

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

Primeiro.- Proceder a aprobar o gasto e á contratación de ANDRADE FORMOSO UXÍA MIN, con DNI:***3401** para o posto de administrativa, mediante a modalidade de contrato laboral temporal vinculado a programas financiados con fondos europeos (código 406), a tempo completo, grupo de cotización 5, desde o 12 de decembro de 2025 ata o 11 de setembro de 2026.



CONCELLO DE ZAS (A CORUÑA)

Praza do Campo, n.º 1 • 15850 Zas (A Coruña) • Teléf.: 981 708 303 • Fax: 981 751 142
[//www.concellodezas.org/](http://www.concellodezas.org/)

Exp. 2025/E001/000005

Segundo: Aprobar a lista de substitución proposta polo Tribunal formada polas seguintes persoas:

MARTIN PEREIRA ENKO	***4393**
SOUTO REGO GERMÁN	***1145**

Terceiro.- .Comunicar a presente resolución ao interesado aos efectos da sinatura do correspondente contrato.

Cuarto.- Que pola Tesoureira municipal se proceda a realizar as xestións necesarias para a alta na Seguridade Social.

Quinto.- Dar traslado do presente Decreto ao departamento de Intervención-Tesourería para o seu coñecemento e efectos oportunos, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre

En Concello de Zas,

Dou fe.

O ALCALDE

Manuel Muíño Espasandín

A SECRETARIA

Isabel Outeiriño Sánchez